



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Solidaricémonos coa folga das contratadas

Os traballadores e traballadoras das contratadas manteñen a súa loita por unhas condicións laborais dignas, o grao de precariedade chegou a tal punto que non lles quedou outra que esta folga indefinida que veñen realizando.

Non nos cansaremos de repetilo: esta folga, absolutamente lexítima e necesaria, tamén vai con nós. Non podemos sentirnos alleos a esta loita, pensando que non é o noso problema, a externalización e a subcontratación do traballo en Telefónica, nunhas condicións absolutamente precarias, tamén é un problema noso.

Dende a CIG estamos tratando de colaborar no que podemos apoiando as súas reivindicacións, tamén insistimos en que debemos implicarnos o conxunto do cadro de persoal na medida que poidamos. Sabemos que non podemos negarnos a ir ás avarías que son da contrata, se así nolo ordenan, pero debemos esixir a formación necesaria, os equipos e os repostos que se precisen para atender as avarías como se debe.

Sexamos solidarios cos compañeiros das contratadas e actuemos con responsabilidade, unha cousa é cumprir coa nosa obriga como traballadores de Telefónica e outra boicotear e criticar a uns traballadores que están a defender as súas condicións laborais.

Axuntamos ao texto o cartaz dos compañeiros en folga para crear unha caixa de resistencia que lles permita manter a súa loita, leva o número de conta (ABANCA) onde podemos facer aportacións.

Tamén elaboraron uns bonos solidarios que distribuiremos proximamente polos centros de traballo. Dende a CIG queremos trasladarlles o noso animo e a nosa solidariedade.

Solidariedade
coa folga das contratadas
de Movistar Galiza

.....

Fondo de Resistencia

IBAN ES76 2080 0085 8430 4001 6800

Concepto: Folga contratadas Movistar Galiza